

C.P.I. Virxe do Monte

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**Tecnoloxías da Información e Comunicación
(T.I.C.)**

Departamento de Tecnoloxía

CURSO 2021-22

ÍNDICE	Páxina
1.- Aspectos xerais da programación	3
2.- Conceptos clave: Termos básicos da programación	3
3.- Contexto	4
- Oferta educativa	
- Entorno xeográfico, socio-económico e cultural	
4.- Obxectivos	5
- Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria	
- Obxectivos da materia de T.I.C.	
5.- Secuenciación e temporalización	7
6.- Relacións entre elementos da programación	8
Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, grao mínimo de consecución, criterios e instrumentos de avaliación, temas transversais	
7.- Metodoloxía didáctica:	12
- Aspectos xerais	
- Estratexias metodolóxicas	
- Secuenciación de traballo na aula T.I.C.: agrupamentos, tempos, espazos, recursos...	
- Aspectos metodolóxicos relacionados coa pandemia COVID-19	
8.- Avaliación	13
- Avaliación inicial	
- Avaliación continua	
- Avaliación final	
- Avaliación extraordinaria	
9.- Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	16
10.- Avaliación da programación didáctica	17
11.- Atención á diversidade	17
12.- Actividades complementarias e extraescolares	17
13.- Datos do departamento	18

1.- ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

A *programación didáctica* e o instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder as cuestións qué, cando e cómo ensinar, qué, cando e cómo avaliar e cómo atender á diversidade.

A presente programación elaborouse para a materia de Tecnoloxía da Información e Comunicación en 4º curso de E.S.O. (Educación Secundaria Obligatoria).

Se seguen as directrices da lexislación seguinte:

- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de Decembro (LOMLOE)
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de Decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, pola que se establece o currículo básico na Educación Secundaria Obligatoria e do Bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

2.- CONCEPTOS CLAVE: TERMOS BÁSICOS DA PROGRAMACIÓN (Orde OCD 65/2015; BOE 29/1/2015)

- *Obxectivos*: Referentes relativos os logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.
- *Contidos*: conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e a adquisición de competencias.
- *Competencias*: Capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- *Criterios de avaliación*: Son os que deben servir de referencia para valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares.
- *Estándares de aprendizaxe*: Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábeis. Poden concretarse a través dos indicadores de logro.
- *Indicadores de logro*: Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica.
- *Grao de consecución dun estándar*: Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superar a materia.
- *Criterios de cualificación e instrumentos*: Serven para ponderar o “o valor” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.
- *Procedementos e instrumentos*: Fixados no Proxecto curricular do Ministerio en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde ECD 65/2015).

- *Rúbrica*: Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
- *Portfolio*: Achea de producións dun alumno/a.
- *Graduación dos estándares*: Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa.
- *Perfil de área*: Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Artº 5º, 6 Orde ECD/65/2015)
- *Perfil competencial*: Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Artº 5º, 7 Orde ECD/65/2015)
- *Avaliación das competencias*: "A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD/65/2015)
- *Nivel de desempeño das competencias*: ... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)

3.- CONTEXTO

3.1.- Oferta educativa

O Centro Público Integrado (C.P.I.) Plurilingüe Virxe do Monte oferta as seguintes etapas educativas:

- Educación infantil.
- Educación primaria.
- Educación secundaria.

3.2.- Entorno xeográfico, socio-económico e cultural.

O C.P.I. Virxe do Monte está situado na comarca de Terra Chá limitando ao norte con Vilalba, Abadín e A Pastoriza, o sur con Outeiro de Rei, o este con Castro de Rei e ao oeste con Begonte e Vilalba. Ten unha superficie de 145 km² dividida en 20 parroquias.

A poboación, eminentemente rural, consta (datos ano 2019) de 4484 habitantes dos cales 2180 son homes e 2304 mulleres. Ten unha densidade de poboación baixa con 31 habitantes/km².

Na zona teñen especial relevancia as economías baseadas na gandaría e agricultura, habendo multitude de explotacións por todos vos pobos dúas arredores. Este é un dato de especial influencia non CPI, xa que gran parte do seu alumnado colabora cos seus pais ou familiares non mantemento de ditos negocios. Elo implica – na maioría das ocasións – un menor traballo escolar na casa, polo que ou aproveitamento das horas lectivas dentro da aula é fundamental. É necesario un equilibrio entre ou traballo de clase e as propostas diarias para traballar na casa. Esta programación pretende ter en conta esta realidade do municipio buscando unha modulación entre ou esforzo diario de clase, e ou comportamento e interese dentro da aula.

Non C.P.I Virxe do Monte vos alumnos/as poden estudar dende infantil ata 4º ESO de xeito ininterrompido, ou cal revirte nunha maior información nas diferentes etapas educativas para lograr mellorar ou rendemento dous alumnos/as dende idades temperás, así como diminuír vos posibles problemas atopados, coas medidas de diversificación adecuadas en cada caso.

4.- OBXECTIVOS

4.1.- Obxectivos da educación secundaria obrigatoria (Decreto 86/2015, de 25 de xuño)

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4.2.- Obxectivos da materia T.I.C.

- Utilizar os servizos telemáticos axeitados para responder as necesidades relacionadas, entre outros aspectos, coa formación, o ocio, a inserción laboral, a administración, a saúde e o comercio, valorando en que medida cubre ditas necesidades e se o fan de xeito apropiado.
- Buscar e seleccionar recursos dispoñibles na rede para incorporalos as propias producións, valorando a importancia do respecto, a propiedade intelectual e a conveniencia de recorrer a fontes que autoricen expresamente o seu uso.
- Coñecer e usar as ferramentas para integrarse en redes sociais, contribuíndo coas propias competencias o seu crecemento e adoptando as actitudes de respecto, participación, esforzo e de colaboración que posibiliten a creación de producións colectivas.
- Utilizar periféricos para capturar e dixitalizar imaxes, textos y sons e manexar as funcionalidades principais dos programas de tratamento dixital da imaxe fixa, do son e da imaxe en movemento e a súa integración para crear pequenas producións multimedia coa finalidade expresiva, comunicativa ou ilustrativa.
- Integrar a información textual, numérica e gráfica para construír e expresar unidades complexas de coñecemento en forma de presentacións electrónicas, aplicándoas en modo local, para apoiar un discurso o, en modo remoto, como sínteses o guión que facilite a difusión de unidades de coñecemento elaboradas.
- Integrar a información textual, numérica e gráfica obtida de calquera fonte para elaborar contidos propios e publicalos na web utilizando medios que posibiliten a interacción (formularios, enquisas, bitácoras, etc.) e formatos que faciliten a inclusión de elementos multimedia decidindo a forma na que se poñen a disposición do resto das persoas usuarias.
- Coñecer e valorar o sentido e a repercusión social das diversas alternativas existentes para compartir os contidos publicados na web e aplicarlos cando se difundan as producións propias.
- Comprender a importancia de reforzar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos e a persoal nas interaccións en internet.
- Coñecer os paquetes de aplicacións en rede, os sistemas de almacenamento remotos e os posibles sistemas operativos en internet que faciliten a mobilidade e a independencia dun equipamento localizado espacialmente.

5.- SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Tecnoloxía da información e comunicación, 2º ciclo de ESO, 4º Curso

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probab avaliac.	
	Tema U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
1ª Avaliac.		B1	Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede				
	1	B1.1	Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros	Set.	6		
		B1.2	Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación				
		B1.3	Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución				
		B1.4	Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución				
		B1.5	Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude				
	2		B2	Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes			
		B2.1	Funcións de configuración dos equipamentos informáticos	Out-Nov	15		
		B2.2	Instalación e eliminación de software de propósito xeral				
		B2.3	Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas	Nov-Dec	15	X	
B2.4		Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características					
B2.5	Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probab avaliac.	
	Tema U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
2ª Avaliac.		B3	Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital				
	3	B3.1	Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos	Xan-Feb	15		
		B3.2	Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación				
		B3.3	Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos				
		B3.4	Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos				
		B3.5	Tipos de presentación e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos				
		B3.6	Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos				
		B3.7	Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos				
	4		B4	Bloque 4. Seguridade informática			
		B4.1	Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas	Mar-Abr	9	X	
		B4.2	Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección				
		B4.3	Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probab avaliac.	
	Tema U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
3ª Avaliac.		B5	BLOQUE 5: Publicación e difusión de contidos				
	5	B5.1	Compartición de recursos en redes locais e en internet	Abr-Mai	10		
		B5.2	Deseño de páxinas web sinxelas				
		B5.3	Creación e publicación na web. Estándares de publicación				
		B5.4	Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social				
	6		B6	BLOQUE 6: Internet, redes sociais e hiperconexión			
		B6.1	Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles	Mai	11		
		B6.2	Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde				
		B6.3	Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade				
		B6.4	Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores	Xun	8	X	
B6.5		Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais					
B6.6	Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios						

6.- RELACIÓNS ENTRE ELEMENTOS DA PROGRAMACIÓN

Para facilitar a comprensión das seguintes táboas se axuntan as lendas seguintes:

- *Identificación de contidos e criterios:* **B1.1:** B1: Bloque de contido /1: Número de contido dun bloque
- *Identificación de estándares:* **TEB1.1.2** **TE:** Abreviatura da área: Tecnoloxía **TI:**Tecnoloxía Industrial
B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar
1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar
2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación
- *Competencias clave:*

CCL	Competencia comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia de aprender a aprender
CSC	Competencia social e cívica
CSIEE	Competencia do sentido da iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Competencia de conciencia e expresións culturais

- *Temas transversais*

CL	Compresión lectora
EOE	Expresión oral y escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

Tecnoloxía da Información e Comunicación – 2º Ciclo de ESO, 4º curso

Tema UD	Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín. consecuc.	Instrumentos de avaliación				Temas transversais											
							P.escr.	T.indiv.	T.grupo	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV					
1	Bloque 1. Ética e estética na interacción en rede																					
	a b f g h i o	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Políticas de seguridade para a protección do individuo na interacción coa rede. Contrasinais. Condutas e hábitos seguros. B1.2. Intercambio e publicación de información dixital na rede. Seguridade e responsabilidade no uso dos servizos de publicación. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.1. Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais. TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC CD CMCCT 	90%	80%	10%	10%	X	X	X	X	X	X							
	a b f g h i m ñ o	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Dereitos de propiedade intelectual e de explotación dos materiais aloxados na web. Tipos de licenzas de distribución. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CSC CCEC 	100%	80%	10%	10%	X	X		X			X						
	a g h i m ñ	<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Propiedade e distribución do software e da información. Tipos de licenzas de uso e distribución. B1.5. Identidade dixital, privacidade e seguridade. Desenvolvemento de actitudes de protección activa ante dos intentos de fraude. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web. TICB1.3.2. Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CSC CD CSC CCEC 	80%	80%	10%	10%	X	X	X	X	X	X							
		Bloque 2. Computadores, sistemas operativos e redes																				
	2	f	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Funcións de configuración dos equipamentos informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información. TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CAA CD CMCCT 	100%	90%		10%		X		X	X							
		f	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Instalación e eliminación de software de propósito xeral. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CAA 	30%	90%		10%				X	X							
		a f	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilización de software de comunicación entre equipamentos e sistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	50%		90%		10%				X	X						
		f	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Arquitectura dun computador: compoñentes básicos e características. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	80%	100%				X	X	X	X							
		f	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Elementos e sistemas para a comunicación con fíos e sen eles. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CCL 	70%	100%				X	X	X	X							

1ª AVALI	Tema UD	Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín. consecuc.	Instrumentos de avaliación				Temas transversais							
								P.escr.	T.indiv.	T.grupo	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC	PV	
2ª AVALIACIÓN	3	f, g, h, i, m, ñ, a, o	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetaxe. Importación de imaxes e gráficos. B3.2. Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación. B3.3. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos. B3.4. Organización da información en bases de datos. Realización de consultas básicas e xeración de documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa. TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos. TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CCL CAA CSIEE CCEC 	80%	80%	10%		10%	X	X	X	X	X			
		c, f, g, h, i, m, ñ, o	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos. B3.6. Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo, e conversión a outros formatos. B3.7. Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido. TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CCL CAA CSIEE CCEC CSC 	80%	10%		10%	X	X	X	X	X				
		Bloque 4. Seguridade informática																	
	4	a, f	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Procedementos de intercambio de información entre dispositivos físicos de características técnicas diversas. B4.2. Riscos de seguridade para sistemas, aplicacións e datos. Hábitos de protección. B4.3. Medidas de seguridade activa e pasiva. Actualización do software. Antivirus e devasas. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles. TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados. TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	90%			10%	X	X	X	X	X				
						<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT 	100%					X			X	X	X		
							<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CCL 	100%				X	X	X	X	X			
Bloque 5. Publicación e difusión de contidos																			
3ª AVALIACIÓN	5	b, f	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Compartición de recursos en redes locais e en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.1. Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CAA CSC 	80%	10%		10%	X	X	X	X	X	X			
		a, f, g	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Deseño de páxinas web sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CMCCT CCL 	80%	70%		30%	X	X	X	X	X				

L ^a AVALI	Tema UD	Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave	Grao mín. consecuc.	Instrumentos de avaliación				Temas transversais					
								P.escr.	T.indiv.	T.grupo	Obs.	CL	EOE	CA	TIC	EMP	EC
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ o 			<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB5.2.2. Diseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC 	70%	70%	30%		X	X	X	X	X	X	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Creación e publicación na web. Estándares de publicación. ▪ B5.4. Traballo colaborativo con servizos na nube e coas ferramentas das TIC de carácter social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregarlos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CSC 	50%	50%	30%	20%	X	X	X	X	X	X	
Bloque 6. Internet, redes sociais e hiperconexión																	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Creación e publicación na web de materiais multiplataforma accesibles. ▪ B6.2. Recursos e plataformas de formación a distancia, emprego e saúde. ▪ B6.3. Administración electrónica e comercio electrónico: intercambios económicos e seguridade. ▪ B6.4. Sincronización entre dispositivos móbiles e computadores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.1. Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde diversos dispositivos móbiles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma. ▪ TICB6.1.2. Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc. ▪ TICB6.1.3. Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CSIEE ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CD ▪ CMCCT 	60%	50%	30%	20%	X	X	X	X	X	X	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ f ▪ g ▪ h ▪ i ▪ m ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.5. Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e no intercambio da información a través de redes sociais e plataformas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE 	100%		80%	20%	X	X	X	X	X	X	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ m ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.6. Utilización de canles de distribución de contidos multimedia para distribución de materiais propios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperligazóns información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TICB6.3.1. Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CD ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC 	90%		80%	20%		X	X	X	X	X	

7.- METODOLOXÍA

7.1.- Aspectos xerais: estratexias metodolóxicas

Toda intervención educativa ten que ter en conta os coñecementos previos dos alumnos e o seu interese por saber e aprender; só así, se conseguirán aprendizaxes funcionais, grazas aos cales poderán traducir os contidos ao seu propio linguaxe, utilízalo noutras áreas e aproveitar o aprendido para seguir aprendendo: en definitiva, adquirir as competencias básicas necesarias para completar esta etapa.

Para desenvolver as competencias básicas, a metodoloxía docente concretarase a través dos distintos tipos de actividades e das diferentes xeitos de presentar os contidos en cada unidade didáctica. Consideramos estes medios son o mellor elemento para despertar o interese sobre un tema, motivar, contextualizar un contido e transferir a súa aprendizaxe a outros ámbitos.

7.2.- Secuenciación de traballo na aula tic

O expresado anteriormente traducirase no aula desenvolvendo as unidades de acordo co seguinte esquema de traballo:

- I. **Introdución á unidade de traballo a fin de motivar aos alumnos/as.** Exposición por parte do profesor dos contidos que se van traballar, co fin de proporcionar unha visión global da unidade que axude aos alumnos a familiarizarse co tema a tratar.
- II. **Análise dos coñecementos previos dos alumnos/as.** A través dunha serie de preguntas iniciais en cada unidade, o profesor realizará unha avaliación preliminar dos coñecementos de partida dos alumnos. Desta forma o alumnado entrará en contacto co tema e o profesor identificará os coñecementos previos que posúe o grupo de alumnos, co que poderá introducir as modificacións necesarias para atender as diferenzas e, sobre todo, para previlas.
- III. **Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.** O profesor desenvolverá os contidos esenciais da unidade didáctica, mantendo o interese e fomentando a participación do alumnado. Cando estímeo oportuno, e en función dos xuros, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos, poderá organizar o tratamento de determinados contidos de forma agrupada, ou reestrutúralos, de xeito que facilítelles a realización de aprendizaxes significativos.
- IV. **Traballo individual dos alumnos/as desenvolvendo as actividades propostas.** Os alumnos realizarán distintos tipos de actividades, para assimilar e reforzar o aprendido. Estas actividades sucédense no desenvolvemento dos contidos, afianzando os conceptos principais e a xeneralización dos mesmos. Todo iso realizado baixo a supervisión persoal do profesor, que analizará as dificultades e orientará e proporcionará as axudas necesarias.
- V. **Traballo en pequenos grupos para fomentar o traballo cooperativo.** Os alumnos levarán a cabo actividades en pequenos grupos para desenvolver un traballo cooperativo que serviralles tamén para mellorar a iniciativa e a investigación. A seguir, pódense comentar as liñas de investigación, as dificultades, os erros atopados, mediante unha discusión de clase moderada polo profesor e consistente nunha posta en común dos grupos. Con este tipo de actividades estaremos fomentando competencias básicas propias da etapa.

- VI. Variedade de instrumentos didácticos.** A presenza de distintos formatos (libro do alumno e CD; textos continuos e descontínuos; cadros, gráficas, esquemas, etc.) no proceso de ensino-aprendizaxe contribúe a desenvolver as capacidades e as competencias básicas dos alumnos, así como a enriquecer a súa experiencia de aprendizaxe.
- VII. Resumo e sínteses dos contidos da unidade.** Ao finalizar cada lección intentarase vincular os contidos estudados na unidade (mediante un mapa conceptual) cos conceptos principais e a relación entre eles; desta forma, sintetizaranse as principais ideas expostas e repasarse o que os alumnos comprenderon.

7.3.- Outras decisións metodolóxicas: normas da aula tic, agrupamentos, espazos, recursos ...

a) Normas, agrupamentos e espazos: A aula tic do centro e un aula multidisciplinar, xa que e utilizada por os alumnos de outras materias da ESO.

b) Recursos:

- Material do alumno
 - Cada alumno conta cun ordenador para traballar con conexión a Internet.
 - Caderno de apuntamentos.
 - Pendrive para gardar todos os traballos que realicen.
- Material do profesor: A aula de informática dispón dun ordenador conectado a un canón para facer máis útiles e dinámicas as explicacións. Conta ademais con escáner, fotocopiadora, exercicios xa elaborados dos distintos programas para traballar cos alumnos.
- Outros recursos didácticos: Utilización de material audiovisual da biblioteca, ase como a cámara de vídeo e a cámara fotográfica e o trípode.

7.4.- Aspectos metodolóxicos específicos relacionados coa pandemia COVID-19

No caso de un posible confinamento utilizaremos ferramentas propias do ensino a distancia como:

- Aula virtual do centro: onde os alumnos disporán de unha ficha cos aspectos máis importantes do tema, actividades en forma de boletín u outras tarefas, foros de notificacións e foros de dúbidas.
- Correo electrónico a disposición dos alumnos: tecnovirxedomonte@gmail.com
- Clases virtuais a través de aplicación Skype.

Debido o protocolo establecido froito da pandemia non e aconsellable o uso do traballo en pequenos grupos pola interacción entre alumnos, distancia entre eles, intercambio de materiais...

8.- AVALIACIÓN

8.1.- Avaliación inicial

A avaliación inicial ten por obxecto o coñecemento do marco xeral no que vai ter lugar a acción docente. Isto significa ter en conta no só o punto de partida dos alumnos/as, senón tamén da materia, do profesorado, do departamento e do centro. Especificamente tamén terá en conta (ademais dos aspectos xerais relacionados coa natureza do currículo) a atención individualizada, os sistemas de comunicación e os recursos tecnolóxicos e didácticos dispoñibles.

De forma resumida, o obxectivo e conseguir saber o que temos para actuar en consecuencia.

Procedementos e instrumentos de avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase a finais do mes de Outubro e consistirá fundamentalmente en dúas accións:

- a) Recabar información do alumno a través de *informes previos* (informes psicopedagóxicos, medidas de atención a diversidade, informes do titor do curso pasado...), *aspectos sociofamiliares* (dificultades económicas ou sociais, tutelados baixo algún familiar ou servizos sociais, falecemento recente dalgún familiar, contactos da familia co centro, procedencia estranxeira...).
- b) Observación directa e anotación no libro do profesor . Se trata de reflexar as posibles *dificultades académicas* (atraso escolar, falta de estudo, desmotivación), *dificultades persoais e sociais* (illado ou rexeitado no grupo, baixa autoestima, respecto entre iguais, desafiante, problemas de comportamento, absentismo ...) e *aspectos que favorecen o desenvolvemento educativo* (motivación, esforzo, desenvolvemento intelectual ...). Tamén se reflexará o *grao de desenvolvemento das competencias clave* relacionados cos estándares de aprendizaxe vistos ata a data de observación.

Cos datos elaborados se emitirá un informe o tutor de cada grupo e a orientador/a que se encargarán de tomar as medidas necesarias e informará os pais/nais, tutores legais sobre as medidas a tomar.

8.2.- Avaliación continua

Esta avaliación lévase a cabo durante o proceso ensino-aprendizaxe e o seu principal obxectivo é regular este proceso para adaptalo as necesidades do alumnado. Os alumnos deben saber o coñecen ou saben no momento de partida e o que terán que saber o finalizar. O profesor/a debe informar da súa evolución no proceso de aprendizaxe ao mesmo tempo que utilizará este progreso como unha ferramenta motivadora.

Procedementos e instrumentos de avaliación

- **Proba escrita:** Realizarase unha proba escrita en cada trimestre (excepcionalmente dúas), en función do número de unidades e da distribución do tempo dispoñible. Nelas se valorará a expresión escrita e gráfica, desenvolvemento de temas relacionados coas unidades, resolución de problemas, ortografía, presentación.
- **Observación directa:**
 - Traballo diario do alumno/a: actividades de iniciativa e interese, participación no traballo dentro e fora da aula, hábitos de traballo e caderno de clase, habilidades e destrezas no traballo experimental, traballo en grupo (desenvolvemento da súa tarefa dentro do grupo, respecto pola opinión dos demais, aceptación da disciplina do grupo, participación nos debates, integración no grupo), coidado do material ...
 - Expresión oral en exposicións de temas, propostas, proxectos, manexo da terminoloxía axeitada.
- **Produción:** dentro de este apartado se engloban todos aqueles traballo que o alumnado debe presentar o profesor na data sinalada.
 - Prácticas ou traballos: Neste apartado de produción se valorará: adecuación o que se pide, limpeza, orde, ortografía, aportacións, melloras, autonomía, orixinalidade. Tamén se penalizará a copia directa de compañeiros ou fontes de información escrita ou dixital sen unha análise, comprensión e elaboración propia.

Criterios de cualificación

- Proba escrita: En cada proba escrita farase constar o valor de cada pregunta ou problema. A ponderación deste instrumento na nota de cada avaliación e do 50%. Non se poderá aprobar a

avaliación cunha nota inferior a 4 puntos neste apartado. As probas escritas suspensas poderán superarse nun exame único o final de curso.

- Observación directa: Se ponderará cun valor do 10% da nota de cada avaliación.
- Produción: Se ponderará cun valor do 40% da nota de cada avaliación. Non se poderá aprobar unha avaliación sen a entrega da produción solicitada nin cunha nota inferior os 4 puntos. Se nalgunha avaliación non se require a entrega de produción a porcentaxe deste apartado se incluírá no da proba escrita.

A nota resultante de cada avaliación virá dada pola media aritmética dos apartados anteriores redondeando o punto enteiro superior ou inferior en función exclusivamente de que o apartado de observación directa sexa satisfactorio.

NOTA: Se fora o caso de non poder realizar probas escritas debido a pandemia COVID-19 a produción será o 100% da cualificación.

8.3.- Avaliación final

A avaliación final no mes de xuño irán aqueles alumnos/as con unha ou mais avaliacións pendentes. A recuperación de cada avaliación consistirá unicamente nunha proba escrita por avaliación suspensa e na que se avaliarán os mesmos estándares que nas probas escritas anteriores. Dita proba escrita incluírá a valoración de cada pregunta ou problema.

Para superar a materia se deben ter superadas todas as avaliacións cunha nota superior a 4. A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións redondeando o enteiro superior ou inferior en función exclusivamente de que o apartado de observación directa sexa satisfactorio.

NOTA: Se fora o caso de non poder realizar probas escritas debido a pandemia COVID-19 a produción será o 100% da cualificación.

Un alumno promocionará o curso seguinte se ten dúas materias suspensas (extraordinariamente tres) sempre e cando non exista abandono dalgunha das materias.

8.4.- Avaliación extraordinaria

A avaliación extraordinaria no mes de setembro realizarase mediante unha única proba escrita. A proba consistirá en preguntas teóricas e problemas nos que se incluírá a valoración por pregunta ou problema.

A cualificación final será o resultado da suma de cada unha das preguntas e problemas e redondear o enteiro superior ou inferior en función exclusivamente de que o apartado de observación directa reflectido o longo do curso fora satisfactorio.

NOTA: Se fora o caso de non poder realizar probas escritas debido a pandemia COVID-19 a produción será o 100% da cualificación.

9.- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO	ESCALA			
	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DA PRÁCTICA DOCENTE	ESCALA			
	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

10.- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DOCENTE

A programación docente se revisará trimestralmente o fin de cada avaliación mediante o cuestionario adxunto. As anotacións se reflectirán na memoria anual para que o principio do curso se teñan en conta na elaboración ou modificación da programación.

INDICADORES DE LOGRO DA PROGRAMACIÓN DOCENTE	ESCALA			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asignouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

11.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No centro existe unha profesora terapéutica (PT) que traballa con tres grupos realizando apoio educativo nun aula específica con alumnos/as dos cursos de 1º eso/2º eso/3º eso nas materias de Lingua castelá, Matemáticas, Lingua Galega...

12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Nos se contemplan actividades complementarias e extraescolares nesta materia.

13.- DATOS DO DEPARTAMENTO

Materia	Curso	Grupos	Horas	Profesor/a
Tecnoloxía	2º ESO	A	3	Roberto Campo
Tecnoloxía	3º ESO	A	2	
T.I.C.	4º ESO	A	3	
Matemáticas 1º eso	1º ESO	A	5	